

# **PLAN DE ORIENTACIÓN**

**PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE  
ORIENTACIÓN PARA O CURSO 2011-2012**

Tentando seguir as pautas que marca a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998 na súa sección terceira e artigo 15º desenvolverase o :

# PLAN DE ORIENTACIÓN

## 1.- CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Francisco Aguiar é un Centro de secundaria que se atopa ubicado na localidade de Betanzos (A Coruña), a procedencia do alumnado é fundamentalmente da área local e das áreas rurais adxacentes.

O centro conta cuns 600 alumnos/as e uns 70 profesores, unha coidadora, dúas administrativas e tres conserxes.

As instalacións constan de tres edificios, un pavillon deportivo, dúas pistas, dúas bibliotecas, unha aula de informática, unha de inglés, un laboratorio, tres sás de profesores...

Os grupos de alumnos quedan distribuídos do seguinte xeito: 4 grupos de 1º de ESO, 4 grupos de 2º de ESO, 4 grupos de 3º de ESO, 4 grupos de 4º de ESO (inclúense os dous grupos de PDC de 3º e 4º), 4 grupos de 1º de Bacharelato e 4 grupos de 2º de Bacharelato. En canto á FP o centro ten dous grupos de CS de Xestión Comercial e marketing

### 1.1. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

\_ Órganos de goberno (Decreto 324/1996 -D.O.G.9/8/96):

•Unipersoais:

- Director
- Vicedirectora
- Secretaria
- Xefe de Estudos

•Colexiados:

- Consello Escolar:
- Claustro de Profesores
- Comisión de Coordinación Pedagóxica

•Órganos de coordinación docente

- Departamentos
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Coordinador de formación en centros de traballo
- Equipo de Normalización lingüística

## 2.COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DO DPTO.

No Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e posteriormente na Orde que o desenvolve (24 de xullo de 1998), considérase que o Departamento de Orientación constitúe, dentro de cada centro, o garante de que a orientación, entendida como proceso que inclúe a toda a comunidade educativa que comeza no momento da escolaridade e remata ó finalizalas ensinanzas non universitarias, forma parte esencial da actividade educativa e de que se establece unha vía de asesoramento permanente ó profesorado e ás familias. Este carácter de continuidade que posúe a orientación implica a necesidade de establecer un plan de actuación común dos departamentos de orientación dos institutos de educación secundaria cos departamentos de orientación dos centros que teñen adscritos. Neste senso, o artigo 3º de dito decreto dispón que

## **FORMARÁN PARTE DO DEPARTAMENTO** de Orientación dos I.E.S.:

- a) O xefe do departamento.
- b) O profesor ou profesora de pedagogía terapéutica
- c) Un profesor de F.O.L.
- d) Un titor ou titora por cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico.

Ó mesmo tempo no artigo 6º do mencionado decreto e no 5º da orde que o desenrola asígnanselle as seguintes **FUNCÍONS:**

- a) Valora-las necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- b) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial dos centros, así como coordina-lo profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- c) Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.
- e) Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención a diversidade.
- f) Facilitarlle ó alumnado o apoio e asesoramento necesarios para enfronta-los momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, coma o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación intrapersonais ou a transición á vida profesional.
- g) Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e en calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.
- h) Promove-la cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.
- i) Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ó alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais, así como as ofertas do seu contorno que lle faciliten elixir responsablemente.
- j) Nos institutos onde se imparta formación profesional específica, coordina-la orientación laboral e profesional con outras administracións ou institucións.

Funcións que determinan a liña de intervención e das que se desprenden múltiples obxectivos, como os que se expoñen no seguinte apartado.

## **3.OBXECTIVOS**

### **3.1 OBXECTIVOS XERAIS:**

1. Lograr unha orientación de calidade para todo o alumnado que cursa ensinanzas escolares.
2. Propiciar ós alumnos, a través da acción orientadora e tutorial, o pleno desenrolo das súas posibilidades como persoas.
3. Contribuir a que o alumno reciba unha atención personalizada en función das súas necesidades educativas.
4. Facilitar a pronta detección do alumnado que presente características educativas diferenciais.
5. Propiciar o desenvolvemento de iniciativas e programas de intervención axeitados ás necesidades de orientación dos centros educativos.
6. Asegurar unha oferta formativa, que posibilite a actualización científica e didáctica do profesorado en relación coa súa responsabilidade orientadora.
7. Facilitar a difusión de experiencias de especial significación sobre respostas de orientación desenvolvidas nos centros educativos.
8. Planificar os adecuados medios e recursos específicos en función das necesidades de orientación detectadas.

## **3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

O Departamento de Orientación centra as súas actuacións fundamentalmente en tres ámbitos, no proceso de ensino-aprendizaxe, na acción tutorial e na orientación educativa e profesional, polo que estes obxectivos desglosaránse

### **3.2.1. PROCESO DE ENSEÑANZA-APRENDIZAXE.**

Con respecto o *centro*:

- Colaborar na elaboración do P.E.C. e P.C.C., incidindo en aspectos como organización, avaliación, promoción e atención ós alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- Colaborar na elaboración de programas específicos (apoio, recuperación, etc).
- Contribuír, en xeral, ós elementos globalizadores e personalizadores da educación.
- Contribuír á introducción de metodoloxías innovadoras, neste caso colaborando co plan das TIC do noso Centro.
- Tentar incluír nas actividades que propón o departamento aquelas encamiñadas a colaborar co Plan Lector do Centro
- \_Contribuír á realización de estudos e análises sobre as necesidades dos alumnos e alumnas.
- \_Asesorar ós órganos directivos no que concirne a:
  - Reforzos educativos.
  - Adaptacións curriculares.
  - Intervención psicopedagóxica
  - Criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Diseñar programas orientados a prever e detectar dificultades educativas así como plans de intervención tendentes a solucionar estes problemas.
- \_Promove-la cooperación entre o centro e as familias.
- \_Fomenta-la cooperación de toda a comunidade educativa nas tarefas de orientación.

### Con respecto ós *alumnos*

- Prevenición, detección e tratamento das dificultades de aprendizaxe.
- Exploración e diagnóstico psicopedagóxico.
- Reforzo pedagóxico ós alumnos que o precisen mediante adaptacións, diversificacións, etc.
- Aplicación, revisión e modificación (se fora o caso) dos programas específicos que estea a recibir o alumnado con necesidades educativas específicas.
- Participación nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.

### Con respecto ós *profesores*.

- Transmitirlles información acerca da avaliación psicopedagóxica e as características persoais dos alumnos e alumnas.
- Colaborar na detección de problemas educativos (desenrolo, aprendizaxe, etc.) que presenten os alumnos e alumnas e na pronta intervención para tratar de remedialos.
- Asesorar ó profesorado sobre a necesidade de dar resposta á diversidade nas programacións didácticas contemplando diversos niveis de dificultade.

### Con respecto ós *pais*

- Demandarlles colaboración para as actividades que se realizan no Centro.
- Informarlles sobre o novo sistema educativo así como sobre os aspectos novedosos que afectan directamente ó centro: atención á diversidade, nova formación profesional, Plan Boloña...etc.
- Intercambiar información que poida enriquece-lo coñecemento dos seus fillos para unha maior comprensión das súas condutas, actitudes, ritmo de aprendizaxe, etc.
- Implicalos no proceso educativo dos seus fillos.

### Con respecto a *outras institucións*

- Solicita-la cooperación dos servizos de Asistencia Social da zona cando se considere que a problemática presentada polo alumnado poida ter orixe externo ó centro.
- Solicita-la cooperación do Equipo Específico cando se considere a necesidade dunha intervención externa.
- Establecemento de canles de coordinación entre orientadores de primaria e secundaria.

### **3.2.2 ACCIÓN TITORIAL**

#### Con respecto ó *centro*

- Tentar rematar o plan de acción titorial.
- Aportar criterios para a organización, adxudicación e funcionamento das titorías.
- Introducir actividades de titoría que propoñan traballar cos alumnos/as as novas tecnoloxías e con isto fomentar o plan das TIC do Centro.
- Introducir actividades de titoría que inclúan o fomento do Plan Lector do Centro.

#### Con respecto o *alumnado*

- Participar nas actividades de titoría que lle sexan solicitadas.
- Prestarlles atención individualizada cando o soliciten.
- Axudarlles a conseguir unha boa integración no centro e no grupo de compañeiros e/ou compañeiras.

#### Con respecto ós *profesores*.

- Asesorarlles en cuestións prácticas de organización e agrupamento do alumnado, con especial atención ó tratamento flexible á diversidade de aptitudes, intereses e motivacións.
- Coordina-lo traballo de titorías e asesorar no desempeño da función titorial.
- Facilitarlles a utilización na aula de técnicas específicas relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudio, programas de ensinar a pensar, mellora da autoestima, etc.
- Asistirles na posta en práctica de reaccións humanas (centrándose fundamentalmente na creación de habilidades sociais e na superación de prexucios raciais, ideolóxicos ou de xénero), dinámica e xestión de grupos, entrevistas, liderazgo, etc.
- Asesorar na implantación de programas de investigación-acción.

#### Con respecto os *país*.

- Cooperar na relación titores-familia para a solución de problemas que afecten os seus fillos.

### **3.2.3 ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL.**

#### Con respecto ó *centro*

- Implicar o Centro na orientación profesional e preparación para a vida activa dos alumnos.
- Implicar ó Centro en campañas de sensibilización para o fomento do autoemprego.
- Fomenta-la cooperación entre o centro e o mundo empresarial.

## Con respecto os *alumnos*

- Axudarlles nos momentos de maior dificultade: ingreso, cambios de ciclos, elección de distintas materias optativas, elección entre diversos itinerarios, etc.
- Proporcionarlles unha orientación académica e profesional individualizada e diversificada, con especial fincapé na formación para o fomento do autoemprego.
- Facilitarlles información sobre o mundo laboral e as saídas académicas e laborais ás que se pode optar tras os estudos de Secundaria, con especial mención das ensinanzas de réxime especial.
- Ofrecerlle orientación educativa e profesional á poboación escolarizada nas ensinanzas de educación de persoas adultas.
- Colaborar no seguimento da inserción laboral do alumnado que finaliza ensinanzas de formación profesional.

## Con respecto ós *profesores*.

- Orientar técnicamente en relación con actividades e procesos de avaliación formativa e orientadora, reforzo e apoio pedagóxico, promoción de alumnos, etc.
- Informarlles sobre a relevancia que, para o futuro profesional e a toma de decisións, supoñen os contidos actitudinais, procedimentais e transversais.

## Con respecto os *pais*.

- Orientar ás familias de forma individual ou colectiva para que asuman responsablemente a educación e orientación dos seus fillos.

## Con respecto a *outras institucións*

- Solicitar a colaboración do Equipo Específico cando as circunstancias así o requiran.

## 4.- PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS.

Tendo en conta os anteriores obxectivos consideraranse prioritarias as seguintes accións:

ACCIÓNS	TEMPORALIZACIÓN
Asesoramento no concerniente á avaliación e agrupamentos dos alumnos/as, horarios, etc...	setembro
Detección e agrupamento daqueles alumnos con problemas de aprendizaxe	Setembro - outubro
Constitución do departamento de orientación.	Setembro
Elaboración POAP e PAT.	SEt, outubro e resto curso
Exploración psicopedagóxica.	Todo o curso
Seguemento e posta en común co orientador do Centro de procedencia do alumnado de Primaria	Unha reunión por trimestre. Ou mais se o caso o require
Organización charlas distintos temas en colaboración coa vicedirección.	Todo o curso
Orientación alumnado en casos de : <ul style="list-style-type: none"> <li>•Conductas conflictivas</li> <li>•Retraso escolar</li> </ul>	Todo o curso
Orientación pais.	Todo o curso
Orientación profesorado.	Todo o curso
Orientación profesores	Todo o curso
Orientación vocacional e profesional ó remata-la ESO e o Bacharelato.	Terceiro trimestre
Charlas informativas para o alumnado	Terceira avaliación
Revisión de alumnado con NEAE	Setembro, outubro
Seguemento de programas de reforzo educativo, adaptación curricular e modificación de conducta	Todo o curso



Recompilación de materiais de apoio	Todo o curso
Participación en actividades formativas para orientadores	Todo o curso
Proposta e participación en actividades dentro do Plano das TiC do Centro	Todo o curso
Proposta e participación en actividades dentro do Plano Lector do Centro	Todo o curso

Trataríase, en fin, dun plan de intervención adaptado ós contextos familiar e escolar, que responda ós principios de:

\_ **Continuidade:** a orientación é un proceso que debe ter lugar ó longo de toda a vida.

\_ **Prevenición:** calquera actuación ha de concibirse fundamentalmente dentro do ámbito da prevención, sen que elo supoña renunciar ás situacións puntuais de tipo asistencial (atención a suxeitos con dificultades de aprendizaxe, asesoramento o profesorado ante situacións problemáticas concretas).

\_ **Diversidade:** un dos aspectos fundamentais da colaboración psicopedagóxica é a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a sobredotación intelectual, discapacidade, ou diversidade cultural, lingüística, etc.

\_ **Convivencia:** Entre os obxectivos prioritarios da acción orientadora está a mellora constante da convivencia escolar, mediante a prevención e a mediación nos conflitos.

\_ **Integración:** debe formar parte do sistema educativo.

\_ **Universalidade:** dirixido a toda a comunidade escolar.

\_ **Autonomía:** debe contribuír a desenrolar no alumno a autonomía persoal, a capacidade para tomar decisións, etc.

\_ **Igualdade:** debe contribuír á superación de prexuízos sociais como a discriminación polo sexo, raza, etc.

Cabe destacar tamén o apartado concerniente a **Competencias Básicas**, entendendo éstas coma aquelas habilidades que debe adquirir un estudante durante a escolarización obrigatoria, as actividades deste Departamento e aquelas accións que realice irán encamiñadas a poder potenciar case tódalas competencias:

As oito competencias poderían ter cabida na actividade deste departamento pero dado que case non ten horas de docencia- as exclusivas a apoios de aqueles alumnos con dificultades de aprendizaxe , cabería só suliñar as mais cercanas:

Competencia en comunicación lingüística:

O desenvolvemento da competencia lingüística ó remate da ESO comporta o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos , tanto os materiais usados para o alumnado coma no desenvolvemento da entrevista co alumno/a utilízase a linguaxe coma instrumento de comunicación e expresión - ESCOITAR-EXPOÑER-DIALOGAR.

Competencia social e cidadá: no sentido de que a través do traballo das titorías o alumno coñeza mellor a sociedade na que vive e que comprenda que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia e tentarse solucionarlos de maneira constructiva é dicir, coñecerse, valorarse e saber comunicarse en distintos contextos.

Competencia para aprender a aprender

Supón coñecer as habilidades para iniciarse de maneira eficaz na aprendizaxe. Coñecer os nosos límites, ser consciente do que se sabe e do que se é capaz de aprender.

Competencia en autonomía e iniciativa persoal:

Fomentando actividades para o alumnado que potencien a súa imaxinación, o seu sentido crítico, a confianza, etc.

## 4.CRITERIOS DE AVALIACIÓN

\_ Procedencia dos *datos*

Para a avaliación do Plan vamos a utilizar os datos suministrados por:

- \* as persoas implicadas no seu deseño e desenvolvemento: membros do Departamento, titores e profesores.
- \* os destinatarios: alumnos, pais e profesores.

\_ *Instrumentos* para a recollida de datos

- \* Cuestionarios
- \* Entrevistas
- \* Intercambios orais

\_ *Indicadores* de calidade

Como indicadores de calidade do Plan de Orientación e polo tanto como criterios de avaliación imos considerar os seguintes:

- \* Adecuación do Plan as necesidades reais dos destinatarios.
- \* Adecuación dos obxectivos previstos á vista dos logros acadados.
- \* Adecuación das actividades programadas.
- \* Adecuación dos recursos dispoñibles.
- \* Adecuación da temporalización.
- \* Adecuación do horario.
- \* Grao de participación da comunidade educativa nas actividades realizadas.
- \* Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Breve reseña sobre a posibilidade de ofrecer apoio educativo ó alumnado:

Neste curso 2011-2012 viuse este departamento afectado por unha medida que ataca os criterios básicos de atención á diversidade, o Departamento conta cun profesor de Pedagogía Terapéutica menos que en anos anteriores, non así o número de alumnos con necesidades de apoio educativo, isto vai provocar que merme a calidade da atención a alumnado con dificultades posto que a única praza do profesor do Centro non chega para atender as necesidades básicas, moitos dos alumnos/as quedarán sen recibir apoio e irá en detrimento do proceso educativo.

Alumnos/as que este Departamento atendía o curso pasado: 22- 11 con ACS-

Este curso, de momento, e con información aportada polo Centro de Primaria, habería 10 alumnos/as mais.

A ORIENTADORA:

AMPARO MEJUTO COSTA